



A PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO DE GALICIA (CONFAPA FE-CCOO de Galicia, , FeSP-UGT, ESCOLA VIVA, SINDICATO DE ESTUDIANTES, IESGA) ESIXE UNHA LEI EDUCATIVA E DE CONSENSO

Fai máis dun ano que se creou no Congreso dos Deputados a Subcomisión de Educación para un Pacto Educativo co obxectivo de paliar unha exigencia da comunidade educativa: **A derogación da LOMCE**, unha Lei creada e aprobada unilateralmente polo PP.

A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia esixe que se poñan enriba da mesa as necesidades reais da escola pública e que os grupos parlamentarios argumenten propostas contundentes e demandadas pola comunidade educativa para defendela.

Desde a Plataforma reiteramos a necesidade dun pacto social previo, preciso para dotar de calidade e permanencia un pacto político posterior rexido polas demandas e exigencias da comunidade educativa en torno á financiación, a gratuidade, a laicidade, a democratización, a participación e outros tantos aspectos demandados reiteradamente en documentos e mobilizacións.

O abandono desta Subcomisión por parte de PSOE, Unidos Podemos e outros grupos parlamentarios devólvenos á casilla de saída onde seguen vixentes os recortes sufridos polo ensino público e que non se reverteron levando á escola pública a unha decadencia e deterioro que a diario sofre o profesorado e os estudantes que sofren aulas masificadas, faltas de resposta á atención á diversidade, itinerarios selectivos, avaliacións externas, incremento de horas de docencia ó profesorado, diminución de soldo ...

Ademáis nos vindeiros días comezarán a celebrarse as probas de avaliación que deseña a LOMCE, que aínda que no caso das probas finais de primaria e Secundaria teñen un carácter mostral este está ligado á consecución do pacto educativo, polo que poderían voltar a ter carácter decisorio para a avaliación do alumnado. Pola contra a avaliación de 3º de primaria non variou a súa conformación e seguirá a ser aplicada a todo o alumnado, sometendoo a un diagnóstico tempera de modo parcial, a un estrés innecesario e mantendo as consecuencias que pode ter a non superación da proba na promoción do alumnado

Por todo isto e pola nefasta política educativa do goberno do PP, a comunidade educativa volve a unir as súas forzas para loitar contra a **reversión dos recortes, o aumento do presuposto educativo e a derogación da LOMCE** .

Desde a Plataforma de Ensino Público de Galicia chamamos á **mobilización o 8 de maio** como medida de loita fronte ao inmovilismo do PP que segue desatendendo a Educación e considerando que non é unha prioridade para o seu Goberno.

Esiximos:

- Maior financiación da Educación
- A derogación da LOMCE e unha nova Lei educativa consensuada coa Comunidade educativa
- Reversión dos recortes no ensino e un aumento das becas e axudas ao alumnado.

Esiximos unha lei de consenso.

Agora e sempre. Ensino Público!!!!

